



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DO EQUIPAMENTO PARA O PARQUE DE BOMBEIROS DE CHANTADA, DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO. (EXPEDIENTE S1/11)

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente contrato a ADQUISICIÓN DO EQUIPAMENTO PARA O PARQUE DE BOMBEIROS DE CHANTADA, DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, coas características especificadas no prego de prescricións técnicas que figura como Anexo I do presente prego.

En caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos documentos contractuais, prevalecerá o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación Nacional de Produtos por Actividades (CPA), recollidas no Regulamento CE Nº 451/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de abril de 2008, polo que se establece unha nova clasificación estatística de produtos por actividades (CPA) e se derroga o Regulamento (CEE) Nº 3696/93 do Consello

32.99 Otros productos manufacturados n.c.o.p.

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPV), recollida no Regulamento (CE) Nº 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) Nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE y 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CP:

35110000-8 Equipo de extinción de incendios, salvamento y seguridad

A contratación deberá supeditarse ás disposicións do Tratado e aos actos fixados en virtude deste, e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias en pro dun desenvolvemento sostible e mellora do medio, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, todo iso de conformidade co disposto no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social





Europeo e ao Fondo de Cohesión

O contratista deberá de cumprir coas medidas de información e publicidade establecidas no artigo 8 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión do 8 de decembro de 2006, Regulamento de Xestión.

SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Ao contrato lle de aplicación a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público. O obxecto do contrato non está excluído da aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4.

Trátase dun contrato administrativo de acordo co disposto nos artigos 18 e 19 das LCSP, en consecuencia a orde xurisdiccional competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción do contrato é a contencioso administrativa.

Trátase dun contrato administrativo de subministración recollido e regulado no seu artigo 9.1.

De acordo co disposto nos art. 13 e 15.1.b da LCSP o presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a LCSP.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.
- Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión do 8 de decembro de 2006, Regulamento de Xestión.
- Decisión 2006/702/CE do Consello, de 6 de outubro de 2006, relativa a as directrices





estratéxicas comunitarias en materia de cohesión

- Orde EHA/524/2008, de 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión.
- Regulamento (CE) n. 284/2009 do Consello de 7 de abril de 2009 que modifica o Regulamento (CE) N. 1083/2006 polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

TERCEIRA.- ENTREGA E RECEPCIÓN.

De acordo co disposto nos artigos 23 e 268 da LCSP o contratista está obrigado a entregar o equipamento no prazo de 1 mes desde a notificación da adxudicación do contrato

A entrega efectuarase nas dependencias do parque, nas que se levantará acta de recepción formal dos efectos.

CUARTA.- RÉXIME DE INVALIDEZ

O réxime de invalidez do contrato será o establecido no Capítulo V, do Título I, Libro I da LCSP.

QUINTA.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación que actúa en nome do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, é o Pleno do Consorcio.

O órgano ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

Os actos administrativos aos que se fai referencia, poñen fin á vía administrativa, podendo interpoñer contra os mesmos recurso potestativo de reposición ante o órgano que os ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (segundo o caso), ou directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado da devandita xurisdición en Lugo, no prazo de dous meses contados dende a mesma data.

No caso de interpoñer recurso de reposición o prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo será de dous meses dende a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, si fose expresa, ou de seis meses dende a súa





desestimación tácita, que se producirá se no prazo de un mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

SEXTA.- CAPACIDADE E SOLVENCIA DO EMPRESARIO. APTITUDE PARA CONTRATAR CO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias ou prohibicións contidas no artigo 49 da LCSP e acrediten a súa solvencia económico-financeira e técnico-profesional, por algún dos medios seguintes:

A) Acreditación da solvencia económica e financeira.

A solvencia económica e financeira dos empresarios poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante dun seguro de indemnizacións por riscos laborais.
- b) Tratándose de persoas xurídicas, presentación de contas anuais ou extracto das mesmas, no suposto de que a publicación destas sexa obrigatoria nos Estados onde aquelas se atopen establecidas.
- c) Unha declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, servizos ou traballos realizados pola empresa no curso dos últimos tres exercicios.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

B) Acreditación de solvencia técnica

A solvencia técnica das empresas poderá ser acreditada por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Por relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos, indicándose o seu importe, datas e destino público ou privado, que se incorporarán ás correspondentes certificacións sobre estes.
- b) Descrición do equipo técnico, medidas empregadas polo subministrador para





asegurar a calidade e os medios de estudo e investigación da empresa.

- c) Indicación dos técnicos ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente daqueles encargados do control de calidade.
- d) Mostras, descrições e fotografías dos produtos que se van subministrar.
- e) Certificacións establecidas polos institutos ou servizos oficiais ou homologados encargados do control de calidade e que acrediten a conformidade dos artigos ben identificados con referencia a certas especificacións ou normas.
- f) Control efectuado pola Administración ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario está establecido, sempre que medie acordo de dito organismo, cando os produtos que se van subministrar sexan complexos ou, a título excepcional, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre as capacidades de produción e, se fose necesario, de estudo e investigación do empresario, así como sobre as medidas empregadas por este último para contratar a calidade.

Ademais os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 48 do LCSP, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se teña efectuada a adxudicación do contrato o seu favor.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata extinción do mesmo.

Aos efectos da licitación os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que se fixo referencia.

SÉTIMA.- PREZO DO CONTRATO





O prezo máximo do contrato é de 165.254,24 euros, ao que terá que engadirse a cantidade de 29.745,76 euros, en concepto de IVE (18%), facendo un total de 195.000 euros.

De acordo co informe de intervención de data 14 de xaneiro de 2011, existe consignación orzamentaria na partida 135.627 do orzamento xeral para atender ás obrigas que se deriven do cumprimento do contrato.

Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

OITAVA.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

De acordo co disposto no art. 76 da LCSP o valor estimado do contrato está determinado polo importe total do mesmo, sen incluír o IVE, e tómanse en conta as eventuais prórrogas do contrato polo que o valor estimado no presente contrato ascende á cantidade de 165.254,24 euros.

NOVENA.- REVISIÓN PREZOS

O contrato non poderá ser obxecto de revisión de prezos de acordo co disposto no artigo 77 da LCSP.

DÉCIMA. GARANTÍAS ESIXIBLES NA CONTRATACIÓN.

O réxime de garantías a aplicar no presente procedemento será o seguinte:

A) Garantía provisional.

Considerando as circunstancias concorrentes no presente procedemento esíxese dos licitadores a constitución dunha garantía provisional do 3% do prezo do contrato co obxecto de responder do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación do contrato.

Os licitadores terán a obriga de presentar o xustificante de constitución dunha garantía provisional, por importe de 4.957,62 euros. Esta garantía poderá constituírse de algún dos seguintes xeitos:

- a) En metálico, valores públicos, valores privados avalados pola Administración ou por entidades financeiras privadas, que se depositarán nas oficinas do Consorcio provincial.
- b) Aval bancario, de cooperativas de crédito ou sociedades de garantía recíproca.





c) Por contrato de seguro de caución.

Os documentos aos que se refire esta cláusula deberán ser orixinais

No suposto de unións temporais de empresas, a garantía provisional poderá constituírse por unha ou varias das empresas participantes na unión, sempre que en conxunto se alcance a contía establecida no segundo apartado desta cláusula e garanta solidariamente a todos os integrantes da unión.

A administración contratante poderá incautar a garantía provisional a aqueles licitadores que retiren inxustificadamente a súa oferta. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalice o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe de la garantía provisional Para o licitador que resulte adxudicatario a garantía provisional responderá do cumprimento das obrigas que lle impón o segundo parágrafo do apartado 2 do art. 135 LCSPA.

B) Garantía definitiva.

O empresario que presente a oferta economicamente máis vantaxosa virá obrigado a constituír unha garantía definitiva, por un importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 5 días hábiles (por se tramitar de forma urxente) contados desde o día seguinte ao de recepción do requirimento.

A garantía definitiva poderá prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 84.1 da LCSP cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do RXLCAP.

O adxudicatario poderá ampliar o importe da garantía provisional ao da definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última en cuxo caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente á constitución da definitiva.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O presente contrato adxudicárase polo procedemento aberto e selección da oferta economicamente máis vantaxosa 141 da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no art. 123 da LCSP.

Ao concorrer razóns de interese público que determinan a necesidade de aceleración do contrato o procedemento tramítase de forma abreviada na súa modalidade de tramitación urxente.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO

O presente procedemento estará suxeito ao seguinte réxime de publicidade:





- a) Convocatoria de licitación. Segundo dispón o artigo 126 da LCSP, publicarase no Boletín Oficial da Provincia (en adiante BOP), así coma no perfil do contratante do CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO. (www.salvamentolugo.org).
- b) Adxudicación 1. De acordo co previsto nos artigos 42 e o 135 da LCSP, a adxudicación será publicada no Perfil do Contratante do CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO. (www.salvamentolugo.org).
- c) Formalización. De acordo co disposto no artigo 138 a formalización publicarase no BOP e no Perfil do Contratante (www.salvamentolugo.org).

DÉCIMO TERCEIRA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS.

Ao tratarse dun contrato tramitado polo procedemento de urxencia, o prazo de presentación de proposicións será de 8 días a partires do día de publicación no BOP do anuncio de licitación.

Se o último día coincidise en domingo ou festivo, entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil.

DÉCIMO CUARTA. PROPOSICIÓNS DOS INTERESADOS.

A documentación para as licitacións presentarase en tres sobres independentes, pechados e identificados segundo o sinalado nos parágrafos seguintes, asinados polo licitador ou a persoa que o represente con indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa, enderezo completo válido a efectos de notificación, teléfono e, no seu caso, fax e correo electrónico.

No interior de cada sobre deberase incluír en folla independente unha relación numerada dos documentos que contén.

No exterior de cada un dos dous sobres poderase ler de forma clara a descrición que lle corresponda das seguintes:

“(SOBRE A) DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA
EQUIPAMENTO DO PARQUE DE CHANTADA DO CONSORCIO PROVINCIAL
DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E
SALVAMENTO
EXPEDIENTE S1/11”





“(SOBRE B) CRITERIOS SUBXECTIVOS
EQUIPAMENTO DO PARQUE DE CHANTADA DO CONSORCIO PROVINCIAL
DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E
SALVAMENTO

EXPEDIENTE S1/11”

“(SOBRE C) CRITERIOS OBXECTIVOS
EQUIPAMENTO DO PARQUE DE CHANTADA DO CONSORCIO PROVINCIAL
DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E
SALVAMENTO

EXPEDIENTE S1/11”

A presentación dos sobres coa proposición farase durante o prazo sinalado na cláusula décimo terceira, no Rexistro Xeral do Consorcio , en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, e de 10:00 a 14:00 os sábados, ou ben enviaranse por correo ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante LRXPAC). No suposto de que o último día de presentación das proposicións coincidira en festivo, prorrogarase ao seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da LRXPAC, o empresario deberá xustificar a data de realización do envío e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou Fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos sinalados non será admitida a proposición, se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais desde a data referida sen recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMO QUINTA.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PARA CONTRATAR, E DA OFERTA ECONÓMICA.

I. SOBRE A: Subtitulado "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA", que de conformidade co disposto polo artigo 130 da LCSP, na súa nova redacción dada pola Lei 34/2010, de 5 de agosto; o art. 80.1 RXLCAP e concordantes, deberá conter a documentación que se relaciona a continuación, a cal deberá presentarse en orixinal ou mediante copias autenticadas ou compulsadas e debidamente relacionada, sen emendas, omisións ou tachadas e, precedendo a toda a documentación que de seguido se indica se





fará constar, en folla aparte (dentro do sobre, como primeira páxina) un índice da totalidade dos documentos que o licitador presenta neste sobre “A

1º. Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 61 LCSP e 21 RXLC):

a) Empresario Individual:

Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) e do Número de Identificación Fiscal (se non aparecera reflectido no DNI).

b) Persoas Xurídicas:

- Fotocopia do CIF da empresa.

- Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.

- Escritura de constitución e, no seu caso, Modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

c) Cando o licitador actúe mediante representante, ou se trata dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) polo Secretario Interventor do Consorcio provincial.

d) Si se trata de empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa inscrición nun rexistro comercial cando así se lle esixira pola lexislación do Estado respectivo.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

As empresas estranxeiras, membros da comunidade europea ou non, deberán presentar declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión





diplomática permanente española relativa a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

2º.- Documentos relativos a prohibicións para contratar e outros:

Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningunha das prohibicións para contratar, conforme ao artigo 49 da LCSP. Esta declaración comprenderá expresamente a circunstancia de encontrarse ó corrente das obrigas tributarias -incluídas as obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes, nesta declaración farase constar expresamente que o licitador está dado de alta no IAE; no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, non tendo causado baixa no mesmo (Esta declaración poderá realizarse incluíndo no sobre A modelo que figura como Anexo, asinado polo licitador ou o seu representante legal). Nembargante os licitadores deberán ter en conta que, en caso de ser propostos para ser adxudicatario, deberán acreditar debidamente estas circunstancias, no prazo e coas formalidades previstos no presente prego.

3º.- Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica (descritos na cláusula sexta deste prego)

4º.- Resgardo acreditativo da garantía provisional, se a mesma se constituíu en metálico ou títulos valores. Se se constituíu en forma de aval ou por contrato de seguro de caución, presentárase o propio aval ou o contrato de seguro verificados de suficiencia (bastanteados) polo Secretario interventor do Consorcio provincial.

5º.- Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Ós efectos sinalados ó principio desta cláusula, os licitadores presentarán o seguinte documento:

<<D/D^a, no seu propio nome (ou: na representación da empresa,), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Consorcio provincial para a subministración de, se realicen mediante o seu envío ó Fax número: ou á dirección de correo electrónico:

En, de de 20

O Licitador,

(Sinatura do representante e selo da empresa).

6º.- Documentación que ademais da anterior, deberán aportar as Unións Temporais de Empresas:





1. No caso de non estar constituídas formalmente ó tempo de presentar a oferta, cada empresa que forme a unión, deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, na forma sinalada nos apartados 1º, letras b), c).

2. Figurará, así mesmo, o documento indicativo e debidamente asinado polos participantes na Unión sobre os nomes e circunstancias dos empresarios, a participación na unión de cada un deles, e a designación formal da persoa o persoas ou entidades, que, durante a vixencia do contrato, ostentará a representación da UTE ante a Administración contratante.

Empresas exentas de presentación de determinada documentación e documentos que a substitúen:

- ✓ As empresas inscritas no Rexistro de licitadores da Excm. Deputación Provincial de Lugo ou da Xunta de Galicia, quedan eximidas da presentación da documentación á que fan referencia os apartados anteriores, salvo o apartado 1ºc, 4º e 5º anteriores, debendo aportar, no seu lugar, certificado ou documento bastante que acredite dita inscrición con data posterior ó inicio do prazo de licitación. O certificado ou documento que acredite a inscrición no Rexistro de licitadores deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que os datos declarados no momento da súa inscrición non experimentaron variación.

A falsidade ou inexactitude dos datos declarados polo licitador poderá provocar a desestimación da oferta ou, no seu caso, a súa resolución, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios.

Non poderá incluírse neste sobre A, información que permita determinar a puntuación que os licitadores acadarían en base aos criterios de adxudicación. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar a súa exclusión do procedemento de adxudicación.

II. Sobre B: Subtitulado " CRITERIOS SUBXECTIVOS", incluírase neste sobre a documentación relativa aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (melloras nas prestacións técnicas do equipamento, outras melloras que propoña o licitador, mellor servizo técnico e de mantemento.

III. Sobre C: Subtitulado "CRITERIOS OBXECTIVOS", incluírase neste sobre a oferta económica, o prazo de entrega e o prazo de garantía.





Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativas na oferta presentada por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

O licitador poderá acompañar a súa oferta económica con tanta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación da mesma. Esta documentación deberá aparecer relacionada no apartado correspondente do modelo de oferta económica e vir no mesmo sobre para que sexa tida en conta.

DÉCIMO SEXTA. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS.

Cada oferta será valorada de 0 ata 100 puntos en función de cada un dos elementos seguintes:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS: de 0 a 50 puntos.

1. OFERTA ECONÓMICA: Se valorará desde 0 e ata 40 puntos

Para a valoración deste apartado terase en conta:

- Aquelas ofertas que igualen o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos.
- Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 17
- Puntuaranse as ofertas utilizando a fórmula establecida no B.O.P. da Coruña nº 98, do 29-04-2008 e que poderá consultarse na web <http://www.dicoruna.es/contratacion/valoracion/>:

En todo caso, os licitadores terán en conta que esta baixa calcularase incluíndo o IVE das súas ofertas económicas ou o que, no seu caso, fora de aplicación.

2. PRAZO DE ENTREGA: valorarase dende 0 ata 5 puntos.

Para a valoración deste apartado outorgarase a máxima puntuación á empresa que oferte o menor prazo de entrega dos bens obxecto do contrato sobre prazo máximo de entrega establecido nos Pregos, valorándose o resto de ofertas de xeito proporcional.

3. PRAZO DE GARANTÍA: valorarase dende 0 ata 5 puntos.

Para a valoración deste apartado outorgarase a máxima puntuación á empresa que oferte o maior prazo de garantía xeral dos bens obxecto do contrato sobre o prazo mínimo establecido nos Pregos, valorándose o resto de ofertas de xeito proporcional.





CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR: de 0 a 50 puntos.

1. MELLORAS NAS PRESTACIÓNS TÉCNICAS DO EQUIPAMENTO:

Valorarase dende 0 ata 30 puntos

A puntuación neste apartado valorará a mellor calidade e prestacións técnicas do equipamento e material obxecto do contrato, ponderándose do seguinte xeito:

- 1.1 Melloras nas prestacións técnicas e de calidade do Mobiliario: de 0 a 9,5 puntos.
- 1.2 Melloras nas prestacións técnicas e de calidade dos Equipamento de Intervención: de 0 a 15 puntos.
- 1.3 Melloras nas prestacións técnicas e de calidade do Sistema Telefonía: de 0 a 2,5 puntos
- 1.4 Melloras nas prestacións técnicas e de calidade nos Medios informáticos: de 0 a 2,5 puntos.
- 1.5 Melloras nas prestacións técnicas e calidade da Rotulación interna e externa: de 0 a 0,5 puntos.

A estes efectos, só se terán en conta aquelas melloras que estean valoradas economicamente e que supoñan unha mellora na prestación do servizo.

As empresas deberán presentar debidamente estruturadas as súas ofertas, de modo que se presente de forma ordenada e clara por unha banda a oferta que fai referencia ás esixencias mínimas dos pregos e ás súas ofertas, e, por outra banda, unha oferta detallada das melloras con indicación expresa do grupo de criterios de cada mellora ofertada.

De non axustarse a esta esixencia non será obxecto de valoración.

2. OUTRAS MELLORAS QUE PROPOÑA O LICITADOR:

Valorarase de 0 a 15 puntos.

A puntuación nesta apartado valorará aquelas outras melloras que propoña o licitador sobre os mínimos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas e que supoñan unha mellora na prestación do servizo. Só serán tidas en conta aquelas melloras propostas que estean valoradas economicamente.





3. MELLOR SERVIZO TÉCNICO E DE MANTEMENTO POSTVENDA

Valorarase de 0 a 5 puntos.

Neste apartado valorarase a calidade do servizo de asistencia técnica postvenda que oferte o subministrador, que cubra as necesidades de asistencia técnica e dispoñibilidade de repostos. Nese sentido, o subministrador comprometerase a dispor en Galicia dun servizo técnico postvenda durante un período de 10 anos. Valorarase así mesmo a mellora no tempo de realización do servizo, así como o compromiso de realización dunha revisión anual dos equipos subministrados, sen custo algún para o consorcio, durante os anos seguintes á recepción do material.

Estes criterios deberán indicarse no anuncio de licitación (artigo 134.5 LCSP).

DÉCIMO SÉTIMA. INCURSIÓN EN TEMERIDADE

Será considerado que, en principio, é desproporcionada ou temeraria a/s oferta que estea dentro dos supostos seguintes:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior a súa oferta ao orzamento de licitación en mais de 25 unidades porcentuais.
2. Cando, concorrendo só dous licitadores, a oferta que sexa inferior en mais de 20 unidades porcentuais respecto á outra.
3. Cando, concorrendo tres licitadores, as que sexan inferiores en mais de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Excluirase para este cómputo a oferta de contía mais elevada cando sexa superior en mais de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
4. Cando, concorrendo catro ou mais licitadores, as ofertas que sexan inferiores en mais de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Sen embargo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en mais de 10 unidades porcentuais, se procederá ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, o novo medio se calculará sobre as tres ofertas de menor contía.

De conformidade co artigo 22.f do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, cando a Mesa de contratación identifique unha proposición que poida ser considerada anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto ao efecto polo artigo 136.3 da LCSP, é dicir, darase audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego





e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vai a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado. En vista do resultado, a Mesa de Contratación propoñerá ao Órgano de contratación a aceptación da oferta ou o seu rexeitamento.

Se o Órgano de Contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes técnicos preceptivos, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluírá a mesma da clasificación e acordará a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo co orde en que fosen clasificadas.

DECIMO OITAVA.- MESA DE CONTRATACIÓN.

Formación da mesa e concorrencia mínima.- A Mesa de contratación, que ten como cometido principal a valoración das ofertas e a realización da proposta de adxudicación ao órgano de contratación, está designada por este último de acordo co disposto polo art. 295 LCSP.

Dita Mesa a formarán un total de catro membros e responderá á formación seguinte:

Presidente:

O Presidente do Consorcio.

Vogais:

-O Vicepresidente do Consorcio

-Dous membros do pleno do Consorcio, un pola Deputación Provincial de Lugo e o outro pola Xunta de Galicia

A persoa titular da Secretaría do Consorcio actuará coas funcións de vogal encomendadas polo apartado 10 da Disposición adicional segunda LCSP así como, en ausencia doutro funcionario, tamén actuará de Secretaria/o da Mesa.

A Mesa non poderá constituírse nin realizar actuación formal ningunha, sen a asistencia e concorrencia de, como mínimo, tres dos seus membros, entre os que necesariamente deberán figurar o Presidente e o titular da secretaría do Consorcio ou os que legal ou regulamentariamente lles substitúan.

DECIMO NOVENA.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O acto público de apertura das proposicións deberá efectuarse no prazo máximo de quince días contado desde a data de finalización do prazo para presentar as ofertas procedéndose previamente, pola Mesa de Contratación, á apertura e cualificación da





documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (sobre A).

Unha vez clasificada a documentación sinalada no parágrafo anterior, procederá a determinar as empresas que acreditaron o cumprimento dos citados requisitos sinalados na base décimo quinta e pronunciarase expresamente sobre os admitidos a licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento. No caso de que a Mesa observara defectos materiais na documentación presentada, concederá, un prazo máximo de tres días hábiles para que o/s licitador/es sanee/n o/s erro/s apreciado/s, extremo que deberá ser notificado polo secretario da Mesa na mesma data do acto de cualificación da documentación, sendo válida a comunicación persoal ou mediante Fax ou correo electrónico se este se ten facilitado.

De conformidade co artigo 25 e 26 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, a apertura do sobre B, farase en acto público; acto que para esta contratación terá lugar o mesmo día fixado para a cualificación dos sobres A. Neste acto realizarase a apertura dos sobres “B”, dando ocasión aos interesados a comprobar que os sobres están nas mesmas condicións nas que foron entregados e procederá a verificación do contido dos mesmos para, finalmente, proceder ao seu estudo de acordo cos criterios subxectivos, que figuran neste prego.

Emitidos, de ser o caso, cantos informes foran solicitados pola Mesa de contratación de conformidade co artigo 144 da LCSP; a Mesa xuntarase de novo coa fin de proceder á apertura, en acto público dos sobres C. A puntuación asignada aos criterios non avaliábeis mediante fórmulas darase a coñecer no acto público de apertura do sobre C de conformidade co disposto no artigo 30 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro.

De conformidade co artigo 22 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro; no mesmo día do acto anterior, ou ben nun acto posterior, a Mesa xuntarase co obxecto de realizar a valoración das distintas proposicións - nos termos previstos nos artigos 134 e 135 da LCSP, clasificándolas en orde decrecente de valoración - e formular a proposta de adxudicación ó órgano competente para a contratación, emitíndose, seguidamente, a Acta correspondente que se elevará ó indicado órgano, xunto co resto de Actas, informes, documentos e antecedentes que obren no expediente.

As reunión da Mesa de contratación publicitaranse mediante a inserción de anuncio na páxina web do Consorcio provincial.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á administración. Non obstante cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo ca proposta formulada deberá motivar a súa decisión.





No caso de que dúas ou máis proposicións acadaran a mesma puntuación unha vez aplicados a totalidade dos criterios de adxudicación, terá preferencia para a adxudicación a empresa que tivera ofertado a mellor oferta respecto do criterio con máis puntuación e, se persistira empate, iríase aplicando esa mesma preferencia, por orde de cada un dos criterios de adxudicación (por orde de maior a menor puntuación).

A adxudicación será efectuada polo Pleno do CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, con base na proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte economicamente máis vantaxosa, en apreciación do seu conxunto.

VIXÉSIMA.- DOCUMENTACIÓN ESIXIDA AO LICITADOR QUE PRESENTE A OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA.

De conformidade co art. 135.2 da LCSP, o Órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco (5) días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación:

- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con estas.
- Certificación expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Resgardo acreditativo da garantía definitiva, constituído de conformidade co disposto neste prego.
- Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar escritura pública de constitución como tal

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.





No suposto que haxa de terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións ás que se refíren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP e ter a vixencia indicada no artigo 16 do mesmo precepto legal.

Se o adxudicatario que presente a oferta economicamente máis vantaxosa non cumpre en forma e prazo estas condicións, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O órgano competente para a contratación, deberá adoptar o correspondente acordo resolutivo de adxudicación, dentro do prazo máximo de dous meses desde a data de apertura das proposicións, de conformidade co disposto no artigo 145.2 da LCSP, de non adxudicarse neste prazo, os licitadores teñen o dereito da devolución ou cancelación das garantías prestadas.

Os licitadores deberán manter as súas ofertas durante o prazo de dous meses desde a apertura das mesmas.

Os prazos indicados ampliaranse en quince días cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o artigo 136.3 da LCSP.

De conformidade co artigo 135 da LCSP, na súa redacción dada pola Lei 34/2010, de 5 de agosto, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación referida no punto anterior.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego. A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de Xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Porén, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días





VIXÉSIMO SEGUNDA.- OBRIGAS DO CONTRATISTA E GASTOS ESIXIBLES

Son de conta do contratista os gastos e impostos derivados dos anuncios oficiais de licitación de formalización de contrato, e as taxas que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ao pagamento de todo xénero de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias de administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a administración contratante.

VIXÉSIMO TERCEIRA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato que se deriva da presente licitación, será formalizado por escrito en documento administrativo na data que a Administración contratante sinale, aínda que sempre dentro do prazo máximo dos cinco días, contados dende o seguinte a aquel en que se houberse recibido o requirimento (artigo 140.3 da LCSP).

Actuará como representante do Consorcio quen ocupe a Presidencia do mesmo nese intre e, como representante do contratista quen así o teña acreditado no expediente, salvo presentación de novos documentos e poderes notariais que verifiquen o outorgamento desa representación a persoa distinta. Dito contrato formalizarase ante Secretaría do Consorcio que asistirá nas súas funcións de fe pública, emitíndose cando menos tres exemplares do mesmo, coa fin da súa entrega ás partes do contrato.

Formarán parte do contrato mediante a súa unión no Anexo que corresponda así como tamén, as ofertas técnica e económica do adxudicatario aceptadas polo Consorcio.

Para o caso de que o adxudicatario desexara elevar o contrato a escritura pública, os custos e tódolos gastos xerados por dita escritura, serán de conta do contratista.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se houbera formalizado o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe de la garantía provisional.

VIXÉSIMO CUARTA.- RESPONSABLE DO CONTRATO

O Consorcio provincial poderá nomear un responsable do contrato, persoa coa que o adxudicatario desenvolverá as súas relacións durante o prazo de vixencia do contrato e á que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións así como ditar





as instrucións necesarias coa fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

VIXÉSIMO QUINTA.- PRERROGATIVAS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

O órgano de contratación, conforme ao disposto nos artigos 194 e 195 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato, deberase dar audiencia ao contratista.

Será preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia nos supostos recollidos no artigo 195.3.

Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

VIXÉSIMO SEXTA.- OBRIGAS DO CONTRATISTA

- Aboar todos os gastos derivados da publicidade da licitación que o órgano de contratación decida realizar en Boletíns Oficiais e nun xornal de cada provincia por unha soa vez (*art. 67.2.g RX*), así como os de formalización do contrato, se este se elevase a escritura pública. Os citados gastos de publicación descontaranse no primeiro pagamento efectuado a favor do contratista, salvo que o mesmo acredite o ingreso do custo daqueles na Tesourería da Administración contratante
- Aboar todo xénero de tributos estatais, locais e autonómicos e solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.
- Os gastos de comprobación de materiais, vixilancia do proceso de fábrica, se procede e os materiais, persoal, entregas e retirada dos bens ate o lugar e destino convido, montaxe, posta en funcionamento ou a súa posterior asistencia técnica dos bens durante o prazo de garantía, así como calquera outro gasto a que houbese lugar para a correcta execución do contrato, incluídos os fiscais.





- Cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.
- Cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.
- Adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou aos que teñan acceso coa fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado, e gardar sixilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Consorcio.

VIXÉSIMO SÉTIMA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, axustándose estritamente ao presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades distintas do obxecto da contratación.

Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

Cando tales danos e prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, será este responsable dentro dos límites sinalados nas leis.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

VIXÉSIMO OITAVA.- PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra factura unha vez efectuados os controis regulamentarios correspondentes e conformada polo responsable do contrato.

A Administración deberá aboar o importe do prezo dentro dos prazos establecidos nos artigos 200, 200 bis e Disposición Transitoria Oitava, da LCSP, redacción dada pola lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Ditos prazos computaranse a partir do seguinte á data de expedición dos documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.





O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que a devandita cesión produza efectos, e a Administración expida o mandamento de pagamento a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fidedignamente a esta última o acordo de cesión (art. 201 LCSP).

A conformidade coa factura expresada polo responsable do contrato terá os efectos de acto formal e positivo de conformidade.

VIXÉSIMO NOVENA.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Polo contido da prestación o contrato non poderá ser modificado.

TRIXÉSIMA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO

O contrato extinguirase polo cumprimento de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción do CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderase extinguir polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así coma polo incumplimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nos presentes pregos.

O procedemento para a súa declaración e os efectos da mesma serán os establecido nos artigos 207, 208 e 285 da LCSP, así como o disposto nos artigos 109 a 113 do RXLCAP.

TRIXÉSIMO PRIMEIRA. PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo mínimo de garantía contra todo defecto na calidade e na fabricación, tanto en pezas coma en man de obra, non poderá ser inferior a dous anos. Non obstante, os licitadores poderán ofertar un prazo superior de garantía do material subministrado.

Se durante este prazo se acreditara a existencia de vicios ou defectos na subministración, terá dereito a administración a reclamar ao empresario a reposición do ben inadecuado ou á reparación dos mesmos se fora suficiente.

Se a administración estimase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para a fin pretendida como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao empresario, estarase ao disposto no artigo 89 e 274 da LCSP.

Rematado o prazo de garantía sen que a Administración formule os reparos ou





denuncias aos que se refire o parágrafo anterior, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados e procederá á devolución da fianza definitiva, sen prexuízo da tramitación regulamentaria que proceda.

TRIXÉSIMO SEGUNDA.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.

O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, de conformidade co artigo 210 da LCSP, sempre que o importe total das partes a subcontratar non supere o 60 por cen do importe de adxudicación do contrato. Os licitadores deberán indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos contratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

TRIXÉSIMO TERCEIRA.- PROPOSTAS DE MELLORA OU MODIFICACIÓNS NA SUBMINISTRACIÓNS.

No suposto que o adxudicatario tivera proposto melloras no momento de formular a súa oferta e, as mesmas foran aceptadas pola Administración no momento da adxudicación, as mesmas terán carácter contractual. Tales melloras, non suporán, en caso ningún, incremento no prezo de adxudicación nin, polo tanto, do contrato e, expirado o prazo de execución se éstas aínda non estiveran cumpridas o Consorcio provincial, poderá esixir a realización das mesmas, nos mesmos termos e prazos fixados para o contrato.

Lugo, a 14 de xaneiro de 2011

O SECRETARIO XERAL ADXUNTO

José Antonio Mourelle Cillero





PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DO EQUIPAMENTO DO PARQUE DE CHANTADA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO (EXPEDIENTE S1/11)

Os equipamentos mínimos que haberán de aportarse neste procedemento serán os que a continuación se sinalan:

1.- Mobiliario

O subministro do mobiliario adaptarse aos espazos correspondentes e segundo o proxecto técnico de edificación, que se poderá consultar na sede do consorcio.

CENTRO DE CONTROL E COMUNICACIÓNS

- Cadeira oficina xiratoria, elevación a gas e respaldo alto de contacto permanente, tapicería microfibra
- Armario de melamina con cantos en PVC, de 30 mm de espesor, medidas 90x200x40, con portas baixas e estantes.

DESPACHO XEFE DE PARQUE

- Mesa de oficina construída en melamina con cantos en PVC, de 30 mm de espesor medidas 160x76x74.
- Bloque de caixóns (3), de iguais características cá mesa, medidas 40x60x56.
- Á para mesa, de iguais características cá mesa, medidas 114x55x74.
- Armario de iguais características cá mesa, medidas 90x200x40, con portas baixas e estantes.
- Armario de iguais características cá mesa, medidas 90x200x40, con portas na súa totalidade.
- Sillón de dirección xiratorio con elevación a gas, asente con carcasa de láminas de madeira con tapicería acolchada, brazos insertados.
- Sillón de confidente de patín, iguais características que xiratorio.
- Papeleira
- Percheiro
- Paragueiro

DESPACHO XEFE DE QUENDA





- Mesa de oficina construída en melamina con cantos en PVC, de 30 mm de espesor medidas 160x76x74.
- Bloque de caixóns (3), de iguais características cá mesa, medidas 40x60x56.
- Armario de iguais características cá mesa, medidas 90x200x40, con portas baixas e estantes.
- Sillón de dirección xiratorio con elevación a gas, asente con carcasa de láminas de madeira con tapicería acolchada, brazos insertados.
- Sillón de confidente de patín, iguais características que xiratorio.
- Papeleira
- Percheiro
- Paraugueiro

AULA DE FORMACIÓN

- Mesa de oficina construída en melamina con cantos en PVC, de 30 mm de espesor medidas 160x76x74.
- Sillón de dirección xiratorio con elevación a gas, asente con carcasa de láminas de madeira con tapicería acolchada, brazos insertados.
- Bloque de caixóns(3) iguais características que mesa, medidas 40x60x56.
- Encerado tipo veleda (rotuladores varias cores e borrador).
- Cadeiras apilables con estrutura de aceiro pintado en epoxy. Asento e respaldo de polipropileno inxectado, con brazos e pala móbil (opción dereita ou esquerda). Medidas, mínimas, alto respaldo 82 cm, ancho 52 cm e profundidade 56 cm
- Armario de melamina con cantos en PVC, de 30 mm de espesor, medidas 90x200x40, con portas na súa totalidade.
- Armario de melamina con cantos en PVC, de 30 mm de espesor, medidas 90x200x40, con portas baixas e estantes.
- Pantalla de proxección, enrollable de dimensións adecuadas ao local de instalación, e instalada no teito.
- Canón de proxección, de marca e modelo de recoñecido prestixio, instalado no teito e coas correspondentes conexións eléctricas e informáticas necesarias, totalmente listo para ser usado.

VESTIARIOS

- Armario taquilla monopraza de, mínimo, 40 cm de ancho e 50 de fondo, con patas e cor azul-gris epoxi, para 20 efectivos
- Bancadas, perchas e estanterías para a roupa limpa, para 20 bombeiros

XIMNASIO





- Bicicleta estática dixital con carenado integral, sistema de freo magnético de 9 posicións, caixa pedalier PROL de alto rendemento e manillar amplo e cómodo que permita diferentes posicións.
- Unidades de pesas de mancuernas cromadas de 5 kg.
- Unidades de pesas de mancuernas cromadas 10 kg.
- Unidades de pesas de mancuernas cromadas de 12 kg.
- Unidades de pesas de mancuernas cromadas de 14 kg.
- Unidades de pesas de mancuernas cromadas de 16 kg.
- Unidades de pesas de disco de 5 kg.
- Unidades de pesas de disco de 10 kg.
- Unidades de pesas de disco de 15 kg.
- Unidades de pesas de disco de 20 kg.
- Barra para pesas de disco olímpica.
- Banco de pesas con respaldo e asento graduables en inclinación, soporte para barras, regulable en altura, tapizado en pel sintética de primeira calidade.
- Banco de abdominais
- Corda lisa para rubir de 6 m de lonxitude e 30 mm de diámetro provista de gardacabo metálico con enganche para soporte (colocada).
- Aparello multigym, con capacidade de peso de 100 Kg, mínimo.
- Cinta carreira con banda antiestática tipo Low Impact, velocidade de 0 a 20, control ritmo cardíaco e alimentación monofásica.
- Espaldeira en madeira de flandes e melis barnizada na súa cor natural. Equipada con trece ou catorce barrotos de 40x30 mm dispostos de forma anatómica, medidas 2,55x1.
- Colchonetas
- Remo dixital

DORMITORIOS

- Literas, de dúas alturas, de tubo de ferro epoxi, con somier de lamas de medidas 90x200.
- Colchóns de muelles para cama de 90x200, muelles de gran flexibilidade de 2,3 de grosor, con varilla de contorno, espuma D-20 kgs/m² e napa, tapicería en damasco cosido multiacolchado, válvulas de renovación de aire.
- Almofadas fibra oca desenfundable con cremalleira, funda exterior 80% poliamida 20% poliéster co seu correspondente funda.
- Sabas resistentes, cor branca, algodón 100%, de medidas 160 X 290
- Sabas baixas de iguais medidas
- Colchas diamante 300x170.
- Toallas rizo convencional de 440 grs. Hilatura 24-2cabos de medida mínima 60x120, algodón 100%.
- Toallas iguais ás anteriores de medida mínima 80x150.





- Mantas de abrigo

COCIÑA-SALA DE ESTAR-COMEDOR

- Módulo diván con armazón de madeira, tapizado microfibra de medidas 52x72.
- Mesa centro con armazón metálica pintado epoxi e cristal en tápaa e revisteiro de medidas, mínimas, 59x98.
- TV LCD de 42'', con TDT incorporado, Full HD de marca de recoñecido prestixio
- Reprodutor-grabador DVD compatible coa maioría dos formatos do mercado, de marca de recoñecido prestixio
- Mesa con estantes e portas acristaladas.
- Electrodomésticos (os licitadores poderán consultar na sede do consorcio as características dos mobles de cociña onde irán instalados): Forno-cociña, forno-microondas con grill, placa vitrocerámica, de cadro puntos de calor, frigorífico-combi; todos os electrodomésticos serán de marcas de recoñecido prestixio; incluída a súa instalación.
- Cafeteira goteo con xerra
- Cadeira en madeira de haxa vernizada, asento tapizado en microfibra.
- Mesa de madeira de haxa con catro patas e tapa en taboleiro rexeitado e canteado en madeira de medidas, mínimo, 200 x100 cm

MENAXE

- Vaso de auga 25 cl. Tensionado.
- Vaso de viño 16 l. Tensionado.
- Prato llano supervitrificado.
- Prato fondo supervitrificado.
- Prato sobremesa supervitrificado.
- Cunca café supervitrificada.
- Prato café supervitrificada.
- Culler de mesa inox 1810
- Garfo mesa inox 1810
- Coitelo mesa inox 1810 (serra)
- Coitelos paneiros
- Culler moka inox 1810
- Bateria de cociña inox 18% composta de 8 pezas.
- Tixola Silverstone 20.
- Tixola Silverstone 24.
- Xogo cociña monoblock 1810 de 5 pezas con soporte de parede.

MOBILIARIO EXTRA





- Estanterías metálicas ranuradas (alta capacidade de carga) para cocheiras, taller de vehículos e almacén, en módulos de 5 estantes. Instaladas nas devanditas dependencias, adaptadas ás mesmas e segundo as indicacións do consorcio provincial.
- Equipamento completo para banco taller axeitado para reparacións e mantemento básico de vehículos.
- Bancadas, perchas e estanterías para os uniformes de 18 bombeiros na zona de garaxe do parque. Estas bancadas irán fabricadas en materiais resistentes e facilmente lavables.
- Soportes para rolos de papel hixiénico, papel hixiénico, xel de mans con dosificador, soportes con bobinas de papel secamáns nos servizos do parque de bombeiros.

CORTINAS

O adxudicatario deberá colocar as correspondentes persianas (tipo venecianas) naquelas zonas acristaladas do parque nas que sexa necesario o seu uso para o obscurecemento ou protección das dependencias, de acordo co plano facilitado respecto diso polo consorcio.

2.- Equipamento de intervención

EQUIPO DE RESPIRACIÓN AUTÓNOMO

DESCRIPCIÓN XERAL:

ESPECIFICACIÓN TÉCNICA

O equipo autónomo para protección respiratoria independente do medio ambiente, será de circuío aberto e presión positiva.

O equipo cumprirá co RD 14072, do 20 de novembro, polo que se regula as condicións para a comercialización intracomunitaria dos EPI, e este certificado cumprindo as esixencias da Normativa Europea EN 137, relativa aos aparellos respiratorios de circuío aberto e independentes do medio ambiente, así como o Regulamento de Aparellos a Presión MIE-AP7, sendo apto para funcionar sen perturbación na marxe de temperaturas -30° a +60° C.

COMPOÑENTES

O equipo autónomo estará constituído polos seguintes elementos:

1. Máscara de visor panorámico con mascarilla interior desmontable.
2. Regulador de presión positiva.
3. Placa dorsal anatómica de lonxitude regulable, con atalaxes, que incorpora:





- 3.1 Redutor de alta presión ao que se conectarán estes compoñentes:
- 3.1.1. Alarma acústica, con latiguillo protexido de MP.
 - 3.1.2. Unidade de Control, con latiguillo protexido De AP.
 - 3.1.3. Liña de MP protexida, con dobre acoplamento de seguridade.
 - 3.1.4. Válvula de seguridade.
- 3.2 Sistema de suxeición de botella, con pechadura de seguridade.
4. Botella de aire comprimido en material composite, con billa.

Co fornezo deberanse entregar Manuais de Instrucións de Uso e mantemento, así como certificado de conformidade CE do lote.

DESCRIPCIÓN DOS COMPOÑENTES:

MÁSCARA.

A máscara satisfará os requisitos seguintes:

A) O adaptador facial cubrirá enteiramente as vías respiratorias e os órganos visuais, con axuste cómodo e ampla banda de hermeticidade, que permitirá unha perfecta adaptación a diversas configuracións faciais, asegurando a estanquidade sen aperte excesivo.

B) O visor como mínimo terá as características que se citan a continuación: Tipo panorámico, permitirá un campo de visión superior a 90 °, será inastillable, con superficie endurecida, dispoñendo dun marco, para o seu acoplamento ao corpo máscara, desmontable e construído con material plástico indeformable.

C) As entradas de aire á máscara abarcarán todo o visor, para evitar o seu empañamento, incorporará buconasal para reducir o espazo morto e válvula exhaladora tarada de fácil desmontaxe, sen ferramentas.

D) Disporá de adaptadores para casco integral, dispoñendo da preceptiva aprobación CE de tipo para a combinación casco-máscara.

E) Disporá de válvula inhaladora que evitará a entrada do aire exhalado.

F) O diagrama fónico estará protexido por ambas caras, será facilmente desmontable e construído en material inalterable ao lavado.

G) Disporá de suxeición para montaxe de lentes correctoras e atalaxe de pescozo.

H) O material da máscara non producirá irritación cutánea, será resistente a graxas e agresivos químicos, sendo fácil a súa limpeza e desinfección.





REGULADOR DE PRESIÓN POSITIVA.

O regulador de presión positiva constará dos seguintes elementos:

- A) Un actuador manual centrado que ao accionalo proporcionará un fluxo constante de aire.
- B) Un mecanismo que se enclavará automaticamente a presión positiva, ao iniciar o usuario a primeira inhalación, cando a máscara estea axustada ao rostro.
- C) Un sistema comandado pola membrana que regulará a presión positiva no interior da máscara durante a inhalación: a membrana será resistente á permeación por vapores de líquidos inflamables.
- D) As súas dimensións e deseño non interferirán co campo de visión da máscara e ningunha dos seus partes será facilmente desmontable a non ser por accións intencionadas e contrapostas.
- E) Permitirá un caudal instantáneo de aire sen que a presión no interior da máscara sexa negativa.
- F) O desmontaxe, para mantemento e axuste, será sinxelo e fácil pero seguro unha vez ensamblado, resistindo golpes e vibracións sen activarse a presión positiva.

MANOREDUTOR DE ALTA PRESIÓN

O redutor de alta presión ou primeira etapa de redución, satisfará as seguintes esixencias:

- A) A presión reducida será sensiblemente constante desde a plena carga da botella ata o seu baleirado, permitindo evacuar, como mínimo, o dobre do caudal solicitado polo regulador. Estará protexido contra entrada de partículas e disporá dunha válvula de seguridade, que evacuará o exceso de presión que eventualmente poida producirse á saída.
- B) O mecanismo de regulación estará convenientemente protexido e precintado para evitar manipulacións indebidas.
- C) Estará firmemente suxeito á placa dorsal, permitindo un movemento basculante que facilita a conexión da botella.
- D) A conexión a botella será de actuación cómoda, ata con luvas, sen necesidade de ferramentas e disporá de mecanismos automático para o bloqueo evitando desaxustes e fugas por vibración ou solicitacións mecánicas.





E) As conexións de alta presión para Unidade de Control, alarma acústica e as de presión media serán distintas, a fin de evitar erros na montaxe e/ou mantemento.

F) A liña de presión media ven protexida e conducida, entre a placa dorsal e a botella, situándose sobre o ombreiro, dereito ou esquerdo.

G) Identificación con número de serie igual ao de placa dorsal.

LATIGUILLOS DE ALTA PRESIÓN

As liñas de alta presión que conectan a Unidade de Control e a alarma acústica co regulador, disporán de restritores de paso de aire para satisfacer as perdas que indica a EN137, en caso de rotura, están protexidas e posicionadas, entre o soporte dorsal e a botella, permitindo a súa fixación sobre o ombreiro dereito ou esquerdo.

ALARMA ACÚSTICA

A alarma acústica, do tipo accionada por aire a baixa presión, cumprirá en canto a intensidade e consumo de aire o indicado na normativa legal vixente.

UNIDADE DE CONTROL

A Unidade de Control irá provista dunha protección de goma contra golpes e situada sobre os atalaxes á altura do peito, para unha fácil inspección e manipulación e cumprirá as seguintes esixencias:

A) Se activará automaticamente ao abrir o billa da botella de aire comprimido.

B) Non se precisará configuración previa para o tipo de botella que se incorpore ao equipo nin a súa cantidade.

C) Vixiará constantemente os seguintes parámetros: presión, temperatura, tempo de servizo restante e capacidade da batería.

D) Disporá dun sensor de movemento que activará unha alarma no caso de que o usuario se atope inmovilizado.

E) Un LED luminoso parpadeante indicará o correcto funcionamento, mentres na pantalla de cristal líquido iluminada ofrécese a información secuencial, mediante pulsador, do tempo restante de servizo. Presión do aire na botella, temperatura ambiente e permanentemente o estado da batería.

F) Permitirá activar unha alarma persoal, mediante pulsador, para caso de urxencia.





G) Disporá da posibilidade de axustar unha alarma de regreso, distinta ás programadas, en caso de longos percorridos ao momento de intervención.

H) A unidade de control disporá dun certificado de Seguridade Eléctrica, preceptivo para todo elemento electrónico que debe ser apto para operar en zona potencialmente explosivas.

CONXUNTO DORSAL CON ATALAXE

O arnés do soporte dorsal estará deseñado de maneira que permita ao usuario o poñerse, axustarse e quitarse en forma rápida, fácil e sen axuda externa o equipo.

Ademais, cumprirá cos seguintes requisitos:

A) A placa dorsal permitirá un axuste de lonxitude a 3 tallas de forma fácil, ata con luvas, pero segura en calquera posición e imposible de efectuar a súa separación non intencionada.

B) O axuste non afectará á correcta posición do asubío, á Unidade de Control nin á conexión do regulador.

C) A placa dorsal será lixeira, con deseño anatómico sen bordos agudos, sendo o seu material antiestático, descontaminable e resistente á calor, ás substancias químicas e ás solicitacións mecánicas. Disporá de dúas asas para transporte e ollal para colgar.

D) O sistema de apoio e suxeición de botellas permitirá, sen modificacións, adaptarse para unha ou dúas unidades, facilitar o deslizamento ao colocalas e a cinta de suxeición, provista dun sistema de axuste e pechadura de seguridade, prevén e evita unha indesexada apertura accidental.

E) Os atalaxes serán axustables e recambiables con fibelas autoblocantes, fabricados en material antiestático e ignífugo, estando acolchados para confort ao carricho e zona lumbar, non permitindo a absorción de auga nin a humidade.

F) O deseño das ombreiras será anatómico para non obstaculizar o movemento dos brazos e a peza lumbar permitirá unha lixeira inclinación($\pm 15^\circ$), seguindo os movementos da cintura, con retorno automático á súa posición horizontal.

BOTELLA E BILLA

A botella de aire comprimido, como mínimo terá unha capacidade xeométrica de 6.8 litros adecuada para cargar a 300 bar, presión de proba 450 bar, cumprindo EN 12245 e as seguintes características:





- A) Estará construída en composto exterior de resina epoxi fibra de carbono e alma de plástico ou aluminio, con tipo homologado e contrastado para o seu uso en España. O peso da botella marcado na oxiva non excederá de 4200 gramos.
- B) Disporá de protectores en oxiva e culote, sendo este conformado para mantela vertical de xeito estable.
- C) Fornecerase con acabado protector e pintada de cor amarela brillante.
- D) O billa estará construído con materiais resistentes á corrosión ambiental, do tipo homologado segundo lexislación vixente EN para unha presión de proba de 450 bar.
- E) O mando de accionamento estará recuberto de pigmento foto luminiscente e a súa abertura total efectuarase con 2 ou 3 voltas.
- F) Fornecerase cargada con aire comprimido calidade respirable segundo lexislación vixente EN.

DOCUMENTACIÓN E GARANTÍA

Esta proposta técnica virá documentada para constatar todos e cada un dos requisitos que se esixen e acreditar o cumprimento das normas EN que se mencionan. A garantía do equipo proposto e os seus compoñentes, incluída a botella, será de dous anos e de nove anos para o redutor ou primeira etapa, a partir da súa recepción provisional contra todo defecto oculto, a condición de que se utilice e manteña seguindo o indicado no Manual de Uso e Mantemento que se facilite, comprometéndose a reparar e/ou substituír os compoñentes defectuosos no prazo de 24 horas.

MÁSCARAS FACIALES ADICIONAIS PARA AXUSTAR A EQUIPOS DE RESPIRACIÓN AUTÓNOMOS

Iguais ás descritas anteriormente no equipo autónomo de respiración.

MOTOSERRA GRANDE

Cilindrada: Mínimo 76,5 cm³.
Potencia: Mínima 4 6 (KwCV Din)
Lonxitude da espada: Mínima 50 cm de corte
Relación Peso-Potencia (KgKw): Mínima 1,5

MOTOSERRA PEQUENA





Cilindrada: Mínimo 47 cm³.
Potencia: Mínima 2,5 3.5 (KwCV Din)
Lonxitude da espada: Mínima 40 cm de corte
Relación PesoPotencia (KgKw): Mínima 1,8

PARES DE LUVAS DE KEVLAR

Gran resistencia ao desgarrar, abrasión e corte segundo normativa EN vixente.

EQUIPO DE OXICORTE

Con botella de osíxeno e acetileno, soplete cortador de, polo menos, 25 mm. Dardo de corte (lapa), oxicetilénica mínima de 3.100° C. Disporá de carro de transporte con rodas altas para salvar obstáculos.

MÁQUINA RADIAL

Potencia mínima absorbida : 2.200 W
Potencia mínima emitida : 1.500 W
Diámetro mínimo de disco : 230 mm
Discos para ferro e pedra

CABLES DE ACEIRO

Cables de aceiro galvanizado de diámetro varios comprendidos entre os 6 e 32 mm
Cumprirán a Norma ISO 7531, con casquillo DIN 309.

GATO HIDRÁULICO

Capacidade de carga : Mínima 4.000 Kg.
Certificado CEE
Elevación rápida
Altura mínima : 16 cm
Provisto de válvula de seguridade de final de carga

FERRAMENTA ANTICHISPA

Cilindrada: Mínimo 76 cm³.
Potencia: Mínima 4 Kw
Profundidade da espada: Entre 3 e 20 cm mínimo
Freo de cadea de activación automática
Aceso electrónico
Depósito de combustible cunha capacidade, mínima, de 0,75 l.





ESLINGAS CON TENSORES

De poliéster, de 6, 8 e 10 m de lonxitude con carraca para tensar. De entre 3.000 e 6.000 kg de resistencia de tracción.

SACOS DE PRODUTOS ABSORVENTES

De absorción instantánea, biodegradable e non tóxico, unidades de 20 kg.

COLUMNAS PARA BOCAS DE INCENDIO. CHAVES PARA HIDRANTES

Para os distintos tipos de entrada (Bilbao, Madrid, Barcelona), con saída a racor tipo Barcelona.

Chaves para hidrantes fabricadas en ferro.

PARES DE LUVAS DE PRODUTOS QUÍMICOS

Homologados segundo EN vixente

PARES DE LUVAS DE TRABALLO

Coiro pel flor de primeira, costuras protexidas, homologados segundo EN vixente.

MATERIAL DE PRIMEIROS AUXILIOS

- CAMILLA DE PALAS.
- FERNOKED.
- XOGO DE SEIS FÉRULAS HINCHABLES.
- BOTIQUÍN ESPECIAL PARA FERIDOS POR QUEIMADURAS.
- SET COLLARINS CERVICALES VARIOS TAMAÑOS.
- LUVAS CLÍNICAS DE LATEX OU VINILO

ESPUMOXENO AFFF

Espumóxeno AFFF, sintético polivalente para o combate de lumes de hidrocarburos e de disolventes polares (alcohois, cetonas, ésteres, aminas, etc.), en dosificación única do 3%. Poderase empregar en sistemas de espuma de baixa e media expansión (lanzas manuais, monitores, cámaras de espuma, etc.) e con equipos non aspirantes (lanzas chorro-néboa, sprinklers, etc.). Apta para ser aplicada no combate de lumes de hidrocarburos directamente sobre a superficie de combustible.

Deberá cumprir os requirimentos de UNE 23-635-90.





ESPUMÓXENO SINTÉTICO ALTAMEDIA EXPANSIÓN

Espumóxeno a base de tensoactivos sintéticos, biodegradables, e de alta resistencia ás augas duras, para o seu emprego nos xeradores convencionais nos que forma unha espuma de boa estabilidade e lento drenaxe, podendo empregarse tanto con auga doce como con auga salgada.

A dosificación poderá estar comprendida entre o 1,5% e o 3%.

O produto será apropiado para a produción de espumas de media e alta expansión nos xeradores correspondentes para a extinción de lumes das clases A e B. Poderá empregarse tamén para a obtención de espuma de baixa expansión para usos xerais.

DESENGRASANTE PARA GRAXAS E ACEITES

Desengrasante biodegradable, enérxico para a súa utilización na limpeza de graxas, aceites e suciedades moi incrustadas.

MOCHILA PARA UTILIZACIÓN DO DISPERSANTE

Mochila dispensadora con depósito de polietileno, capacidade de 16 litros, bomba a pistón, palanca reversible de 2 posicións, con lanza en punta de aluminio de 0,4 ms.

LANZA DE AUGA MULTIEFECTO DE CAUDAL REGULABLE DE 25 E 45 MM DE DIÁMETRO

Fabricada en aluminio ultralixeiro.

Con desprazamento suave da palanca de apertura e pechadura, incluso en altas presións mediante unha válvula de bóla en teflón. A empuñadura será de gran solidez e tamaño cun deseño ergonómico que permita adaptarse perfectamente ao contorno da man.

Disporá de mecanismo de autolimpeza.

Ambos diámetros de lanza permitirán traballos en alta presión.

BIFURCACIONES

Bifurcación en aluminio con entrada de 45 mm de diámetro e dúas saídas de 25 mm de diámetro con racores de entrada e saída tipo Barcelona, e tapón con cadeíña.

Bifurcación en aluminio con entrada de 70 mm de diámetro e dúas saídas de 45 mm de diámetro con racores de entrada e saída tipo Barcelona, e tapón con cadeíña.





Ambas bifurcacións deberán presentarse con certificación de homologación.

REDUCIÓN

Redución en aluminio con entrada de 45 mm de diámetro e dúas saídas de 25 mm de diámetro con racores de entrada e saída tipo Barcelona, e tapón con cadeíña.

Redución en aluminio con entrada de 70 mm de diámetro e dúas saídas de 45 mm de diámetro con racores de entrada e saída tipo Barcelona, e tapón con cadeíña.

Ambas reducións deberán presentarse con certificación de homologación.

PROPORCIONADOR-MEZCLADOR

Será de tipo portátil, válido para intercalar entre liñas de manguera.

Entregarase con racores tipo Barcelona UNE 45 mm nas bocas de entrada e saída, e co equipo de alimentación completos, e engadindo tamén tubo de succión como complemento do equipo mencionado.

TRAMOS DE MANGUEIRA DE 25, 45 E 70 MM DE DIÁMETRO

Terá as seguintes características:

Estrutura da manguera de catro capas:

1ª capa: Interna de caucho nitrílico, perfectamente liso e resistente ao contacto de todo tipo de líquidos agresivos, tanto orgánicos como inorgánicos.

2ª capa: Interna de poliéster de alta tenacidade, con estrutura de alta flexibilidade e fortaleza.

3ª capa: Interna de caucho nitrílico que protexa ao tecido e á vez sirva de ancoraxe coa capa externa.

4ª capa: Externa de HYPALON® KEVLAR® (caucho composto) ou similar que protexa a toda a manguera contra calquera agresión externa.

Radio de curvatura

Segundo método norma UNE 23091 parte-4

